

E se es ti quen maltrata?

- Deixa inmediatamente de molestar aos demais
- Pensa se a ti che gustaría ser maltratado
- Pensa que podes estar cometendo un delito e que podes ser castigado por iso.




Agredir aos teus compañeiros faille moito dano a eles, pero a ti tamén te fará sentir mal.

Controla os teus impulsos e cambia de comportamento.

Se non maltratas pero observas ou coñeces algún tipo de maltrato...

- Non cales nunca diante do maltrato a outros compañeiros.
- Non participes no maltrato de ningún xeito.
- Apoia ao neno ou nena maltratado,
- Denúncias ante os profesores ou profesoras para que impidan que se siga dando..



XUNTA DE GALICIA

Consellería de Cultura,
Educación e Ordenación Universitaria

Maltrato
entre compas?
Nin de broma!



CEIP AMADEO RODRÍGUEZ BARROSO

Rúa San Mamede, 8
Tl. : 988 220 883

E-mail: ceip.amadeo.barroso@edu.xunta.es

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipamadeobarroso/>

Que é o maltrato entre iguais?

O maltrato entre iguais consiste en facerlle dano a un compañeiro ou compañeira de xeito repetido e intencionado.



Coñécese tamén co nome de **Bullying** ou **Acoso escolar**.

Non lle faças aos demais o que non che gustaría que che fixesen a ti



Cando vexas que alguén sofre, ponte na súa pel e pensa como te sentirías ti nesa mesma situación

Tipos de maltrato entre iguais



Físico: empurróns, patadas, puñetazos, beliscos, palizas, mordiscos...

Verbal: insultos, burlas, alcumes, menosprezo e humillacións en público...

Psicolóxico e social: rexeitamento, illamento, ameazas, chantaxes, propagación de falsos rumores, roubo, deterioro ou roubo das cousas dos demais...



Que debo facer ... se son vítima de maltrato?

Se estás sufrindo maltrato, se algún compañeiro da clase ou do cole che fai dano cada día, pide axuda canto antes:



- Aos teus pais.
- Á túa titora ou ao teu titor.
- Ao profesor ou profesora coa que teñas máis confianza.
- A un amigo teu para que llo diga a alguén no teu nome.

Pedir axuda non é acusar, é denunciar para que deixen de facerche dano.